



BORRADOR E MEMORIA XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE LEI DO PANTEÓN DE GALICIA

PRESENTADA POLA COMISIÓN TÉCNICA INTEGRADA POR REPRESENTANTES DAS SEGUINTE INSTITUCIÓNS: CONSELLO DA CULTURA; REAL ACADEMIA GALEGA; MUSEO DO POBO GALEGO; FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO; FUNDACIÓN ALFREDO BRAÑAS E FUNDACIÓN CASTELAO.

ÍNDICE

BORRADOR DA PROPOSTA DE LEI DO PANTEÓN DE GALICIA.....2

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE LEI DO PANTEÓN DE GALICIA.....29

BORRADOR DA PROPOSTA DE LEI DO PANTEÓN DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os pobos necesitan símbolos que os axuden a conservar a súa identidade, na medida en que fan visible para a comunidade a súa continuidade histórica. Neste sentido, dentro do elenco de funcións que adoito desempeñan os Panteóns, cómpre subliñar que a súa misión esencial é servir de depositarios e custodios da memoria colectiva.

Xunto con esa función primordial, estes símbolos cumpren outras dúas misións de grande importancia: por un lado, son un instrumento de recoñecemento e gratitude colectiva cara ás persoas que son honradas nos mesmos por teren destacado polos seus méritos; e, por outro, a memoria destas persoas e dos seus feitos serve de estímulo ás xeracións presentes para que traten de emular, e aínda superar, os logros dos seus devanceiros.

No noso país, estas ideas deron lugar a que a finais do século XIX, con importante apoio institucional e un grande eco popular, se crease o xerme do Panteón de Galicia.

No ano 1891, por iniciativa da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, o Concello de Santiago de Compostela, a Asociación Rexionalista Galega e un grupo de estudantes da Facultade de Dereito da Universidade, tomouse o acordo, co consentimento de Manuel Murguía e da familia de Rosalía de Castro, de trasladar os restos mortais da ilustre escritora desde o cemiterio de Adina, en Iria Flavia, ata a igrexa conventual de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela. Así, o 25 de maio do citado ano, con este traslado, e co apoio entusiasta das colectividades galegas en América, comezou a súa andaina histórica o lugar simbólico que, por influencia da prensa galega da época, foi denominado Panteón de Galegos Ilustres.

Posteriormente, co ánimo de consolidar este proxecto, no ano 1906 foi

soterrado na mesma igrexa o líder rexionalista Alfredo Brañas, finado en 1900. En 1932, por iniciativa dun “feixe de galeguistas de Sant-Yago”, comezou a celebrarse o día 24 de xullo “unha Misa pol-as almas de Rosalía e de Brañas, na Eirexa onde as suas cinzas agardan a resurrección final”, concibida como un acto de “xuntanza da relixiosidade e do patriotismo galego”, segundo conta a crónica do acto publicada pola revista *Nós* (núm. 104, p. 126). A celebración desta misa foi interrompida durante os anos da Guerra Civil.

O Padroado Rosalía de Castro, fundado en 1947, que tiña entre os seus fins estatutarios o de “coidar do mausoleo de Rosalía na igrexa de San Domingos de Compostela”, asumiu a partir de 1949 a celebración dunha misa en honra de Rosalía na igrexa conventual de San Domingos de Bonaval. Esta misa “votiva” tiña lugar o 25 de xullo, nun acto ao que logo seguiu unha ofrenda floral perante o monumento dedicado á poeta, na Alameda compostelá ou no propio Panteón. Cómpre subliñar que esta celebración litúrxica non correspondía nin co día do nacemento de Rosalía nin co día do seu pasamento, senón coa data que as Irmandades da Fala fixaran como Día Nacional de Galicia, o 25 de xullo.

Queda así patente que este acto, ademais da súa dimensión relixiosa, tiña o indubidable carácter de reivindicación da identidade galega, que se vencellaba á figura de Rosalía de Castro. Deste xeito, o devandito recinto converteuse nun punto de converxencia no que un conxunto de persoas se xuntaba para dar, dentro dun acto relixioso, testemuño de fe galeguista, nunha práctica que tiña moito de resistencia e de loita por manter aceso o facho da identidade galega.

Deste modo, o espazo da igrexa de San Domingos de Bonaval foise consolidando como un verdadeiro “Panteón de Galegos Ilustres” cos sucesivos enterramentos de figuras senlleiras da cultura galega, como o escultor Francisco Asorei, finado en 1961 (soterrado no propio ano 1961); o

“poeta da raza” Ramón Cabanillas, finado en 1959 (soterrado no 1967); e o cartógrafo e matemático Domingo Fontán, finado en 1866 (soterrado no 1968).

Esta consolidación do Panteón como un símbolo da identidade galega foi posible grazas aos esforzos conxuntos de diversas institucións, tanto públicas coma privadas, que coidaron e patrocinaron aquel recinto e os sartegos das persoas alí soterradas. Cómpre citar, nomeadamente, o Concello de Santiago de Compostela, a Igrexa de Santiago, a Fundación Rosalía de Castro, o Museo do Pobo Galego, a Fundación Alfredo Brañas e a Fundación Castelao.

A instauración do réxime de Autonomía —cuxo primeiro goberno tomou posesión naquel lugar— non comportou un rexurdir vizoso deste símbolo, debido quizais ao feito de que este carecía de recoñecemento xurídico oficial. Así, o Panteón non continuou a desenvolverse e non tivo unha presenza constante como punto de referencia no devir da conciencia das novas xeracións, malia o coidado que diversas institucións e fundacións vencelladas ás figuras alí soterradas lle deron. Dende o 1968, tan só se soterrou nel a un ilustre fillo de Galicia, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, finado en Bos Aires en 1950 e trasladado desde o cemiterio da Chacarita ao Panteón de Galegos Ilustres no ano 1984, por acordo do Parlamento de Galicia.

Por todo isto, e co fin de lograr a superación desta situación, a presente Lei define o Panteón de Galicia, que agroma do tallo do centenario Panteón de Galegos Ilustres, como unha Entidade de Dereito Público e pretende que desempeñe un papel vivo e activo como lugar de encontro, de aprendizaxe e de alento do sentir da comunidade dos galegos de dentro e de fóra do país.

Ademais en Galicia é especialmente importante o recoñecemento deste símbolo, por outras dúas razóns suplementarias: primeira, para

recuperar o orgullo do noso pobo como pobo rico en feitos históricos que non se deben esquecer; e, segunda, para saldar as débedas dos cidadáns e cidadás galegos cos devanceiros que deben de ser recoñecidos polos seus méritos.

Como apoio da necesidade imperativa de acadar ambos os obxectivos, pódense recordar as verbas de Afonso Castelao na súa alocución “Alba de Groria”, peza oratoria pronunciada en Bos Aires o 25 de xullo de 1948, na que imaxina unha procesión de 64 figuras históricas polos ceos de Galicia: «Será mellor evocar algo irreal, algo puramente imaxinario, que co seu simbolismo nos deixe ver o pasado para proveito do futuro. Podemos imaxinar, por exemplo, unha Santa Compañía de inmortaes galegos, en interminabel procesión. Alí veremos as nobres dinidades e os fortes caracteres que dou Galiza no decorrer da súa Hestoria».

En consecuencia, a presente Lei ten como obxecto recoñecer como un elemento singular da identidade galega o Panteón de Galicia, e proceder a regular a súa xestión, uso e conservación, así como a determinación de quen pode ser digno de honra no dito Panteón e do procedemento para levalo a cabo.

TÍTULO I. O PANTEÓN DE GALICIA

Artigo 1. Definicións

1. O Panteón de Galicia é un espazo físico singular, diferenciado e autónomo, destinado en exclusiva a honrar e perpetuar a memoria das persoas que, consonte o disposto no parágrafo seguinte, teñen contribuído á construción, coñecemento, difusión e defensa da identidade de Galicia ou ao

desenvolvemento e progreso do pobo galego, en particular, e de toda a humanidade, en xeral.

En consecuencia, o Panteón de Galicia é un símbolo do pobo galego, na medida en que o dota dun sentimento de identidade propia e continuidade histórica.

2. Serán obxecto de honras no Panteón de Galicia as persoas que, cumprindo os requisitos do artigo 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, se teñan distinguido ao longo da súa vida polos servizos prestados a Galicia: na afirmación e reivindicación da personalidade histórica de Galicia e da súa cultura; na construción do coñecemento científico e no desenvolvemento das ciencias humanas, xurídicas, sociais, da saúde ou naturais, da tecnoloxía ou da economía; na creación artística e literaria, ou na defensa dos valores do pobo galego como o respecto á dignidade das persoas e aos seus dereitos, á liberdade e á solidariedade.

Artigo 2. Natureza xurídica

1. En canto símbolo do pobo galego, o Panteón de Galicia forma parte do patrimonio inmaterial do mesmo, consonte a Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial da UNESCO, do 17 de outubro de 2003.

2. En canto espazo físico, destinado de xeito exclusivo a que a sociedade galega honre a persoas destacadas da mesma, terá a consideración de ben de dominio público.

Artigo 3. Localización

1. Seguindo a tradición iniciada co Panteón de Galegos Ilustres, o Panteón de Galicia situarase na cidade de Santiago de Compostela.

2. Correspóndelle ao Parlamento de Galicia determinar e delimitar o espazo físico en que radicará o Panteón de Galicia, así como acordar a súa eventual modificación.

3. A estrutura e elementos do Panteón de Galicia deberán ser respectuosos coa súa contorna e axeitados á súa función de depósito secular da conciencia colectiva de Galicia.

TÍTULO II. O CONSELLO DO PANTEÓN DE GALICIA

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 4. Denominación e natureza

1. Créase o Consello do Panteón de Galicia como organismo de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, pública e privada, para o cumprimento dos seus fins.

2. O Consello do Panteón de Galicia está vinculado ao Parlamento de Galicia, a través da Presidencia do mesmo.

Artigo 5. Réxime xurídico

1. O Consello do Panteón de Galicia axustará a súa actuación ao disposto nesta Lei e nas súas normas de desenvolvemento. Supletoriamente, rexerese polas normas aplicables ás administracións públicas galegas.

2. En garantía da súa independencia e obxectividade, o Consello do Panteón de Galicia exercerá as súas funcións con plena autonomía orgánica e funcional, correspondéndolle a competencia para rexer e administrar todo o relativo ao goberno e réxime interior do mesmo e do persoal ao seu servizo.

Artigo 6. Fins

O Consello do Panteón de Galicia ten como obxectivo a consecución dos seguintes fins:

a) Garantir a protección, conservación e continuidade do Panteón de Galicia.

b) Fomentar e garantir o acceso público ao Panteón de Galicia.

c) Impulsar o coñecemento e a difusión da identidade, vida e obras das persoas obxecto de honra no Panteón de Galicia.

d) Fortalecer a identidade galega, a partir da divulgación dos valores humanos e creativos das persoas obxecto de honra no Panteón de Galicia.

Artigo 7. Sede

O Consello do Panteón de Galicia ten a súa sede na cidade de Santiago de Compostela.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA ORGÁNICA

Artigo 8. Órganos

1. Son órganos colexiados do Consello do Panteón de Galicia a Comisión de Goberno e a Comisión Asesora.

2. Son órganos unipersoais do Consello do Panteón de Galicia a Presidencia e a Secretaría Xeral e, se as houberse, a Vicepresidencia e a Vicesecretaría.

SECCIÓN PRIMEIRA. COMISIÓN DE GOBERNO

Artigo 9. Membros

1. Integran a Comisión de Goberno, ademais das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría Xeral do Consello do Panteón de Galicia, as persoas propostas por cada unha das seguintes institucións: tres polo Parlamento de Galicia, unha polo Concello de Santiago de Compostela, unha polo Consello da Cultura Galega, unha por cada unha das universidades públicas galegas, unha pola Igrexa de Santiago e unha pola Real Academia Galega.

2. Poderán formar parte tamén da Comisión de Goberno, ata un máximo de cinco, as persoas propostas por outras institucións galegas que teñan fins coincidentes cos do Consello do Panteón de Galicia. Correspóndelle á Mesa do Parlamento, por maioría de dous terzos, aprobar a incorporación ou a baixa dunha institución ou corporación privada no elenco das que teñen dereito a propoñer membros para a Comisión de Goberno do Consello do Panteón de Galicia.

3. As propostas de nomeamento dos membros da Comisión de Goberno serán remitidas ao Parlamento. Unha vez aceptadas pola Mesa do mesmo, a Presidencia do Parlamento procederá ao seu nomeamento.

Artigo 10. Mandato

1. A toma de posesión dos membros da Comisión de Goberno, e, en consecuencia, o inicio nas súas tarefas, levarase a cabo de acordo co que se estableza regulamentariamente.

2. O mandato dos membros da Comisión de Goberno terá unha duración máxima de catro anos, podendo ser propostos e nomeados unicamente para un segundo mandato.

3. O cesamento dos membros da Comisión de Goberno producirase, na forma e momento que se determine regulamentariamente, nos seguintes supostos:

a) Por transcurso do período máximo de mandato.

b) Por pasamento.

c) Por renuncia expresa.

d) Por declaración de incapacidade ou inhabilitación para o desempeño de cargo público por sentenza xudicial firme.

e) Por acordo de dous terzos dos membros da Comisión de Goberno por incumprimento das obrigas propias do cargo. Neste suposto a entidade que o propuxo deberá propor outra persoa para cubrir esta vacante.

f) Por petición da entidade que propuxo ese membro.

4. Cando un dos membros da Comisión de Goberno sexa escollido para a Presidencia ou designado para a Secretaría Xeral cesará automaticamente

no seu cargo, polo que se debe proceder a nomear outra persoa para cubrir esa vacante.

Artigo 11. Funcións

Para a administración do Panteón de Galicia, son funcións da Comisión de Goberno:

a) Aprobar o Regulamento de Funcionamento da Comisión de Goberno.

b) Determinar a estrutura orgánica do Consello do Panteón de Galicia.

c) Disciplinar o réxime do persoal do Consello do Panteón de Galicia, de acordo co disposto na presente Lei, así como proceder ao nomeamento e separación do mesmo.

d) Disciplinar o réxime de contratación do Consello do Panteón de Galicia, de acordo co disposto na presente Lei.

e) Disciplinar o réxime económico e financeiro do Consello do Panteón de Galicia, de acordo co disposto na presente Lei.

f) Aprobar a proposta Regulamento de Honras, Protocolo, Cerimonial e Utilización do Panteón de Galicia.

g) Aprobar a programación de actividades para realizar no Panteón de Galicia.

h) Aprobar a programación das obras, servizos e traballos necesarios para a ampliación, reparación, conservación, coidado e limpeza do Panteón de Galicia, en particular dos seus elementos urbanísticos, xardinaría, edificios e instalacións, así como para o funcionamento destas.

i) Tramitar os expedientes de honras.

k) Aprobar as normas sobre acceso e comportamento do público nas instalacións do Panteón.

l) Aprobar a memoria anual de actividades, na que se expresarán as actuacións desenvolvidas no período anterior.

m) Conceder autorización para o uso temporal do Panteón de Galicia.

n) Aprobar e defender a imaxe corporativa do Panteón.

ñ) As demais competencias que non estean atribuídas a outro órgano.

Artigo 12. Funcionamento

O funcionamento da Comisión de Goberno rexerese polo disposto no seu Regulamento de Funcionamento, que, en todo caso, respectará as seguintes regras:

a) A Comisión reunirase polo menos unha vez ao trimestre e sempre que a convoque a Presidencia.

b) Cada membro da Comisión, salvo a persoa titular da Secretaría Xeral, ten un voto persoal e indelegable.

c) Para a válida constitución da Comisión será necesaria a asistencia da maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria e, polo menos, dun terzo dos mesmos na segunda.

d) Os acordos da Comisión adoptaranse por maioría simple dos asistentes, salvo a aprobación dos regulamentos e propostas de regulamentos previstos nesta Lei, que esixirá maioría absoluta, e os supostos

en que regulamentariamente se esixa maioría cualificada. En todo caso, a Presidencia dirimirá os empates mediante o seu voto de calidade.

SECCIÓN SEGUNDA. COMISIÓN ASESORA

Artigo 13. Composición

1. A Comisión Asesora estará integrada por un número de membros que non poderá superar o número de membros da Comisión de Goberno. Forman parte tamén da mesma as persoas titulares da Presidencia e da Secretaría Xeral.

2. Os membros da Comisión Asesora son nomeados pola Presidencia do Parlamento por proposta da Comisión de Goberno do Consello do Panteón de Galicia.

A Comisión de Goberno proporalle á Presidencia do Parlamento os nomes de persoas de recoñecido prestixio social pola súa actividade no ámbito das artes, da asistencia e benestar social, das ciencias humanas, naturais ou sociais, da comunicación, do deporte, do dereito, da economía e da empresa, das letras, da política ou da tecnoloxía.

As persoas propostas deberán contar co apoio de, polo menos, tres quintos do total dos membros da Comisión de Goberno.

Artigo 14. Mandato

1. A toma de posesión dos membros da Comisión Asesora, e, en consecuencia, o inicio nas súas tarefas, levarase a cabo de acordo co que se estableza regulamentariamente.

2. O mandato dos membros da Comisión Asesora terá unha duración máxima de seis anos improrrogables.

3. O cesamento dos membros da Comisión Asesora producirase, na forma e momento que se determine regulamentariamente, nos seguintes supostos:

- a) Por transcurso do período máximo de mandato.
- b) Por pasamento.
- c) Por renuncia expresa.
- d) Por declaración de incapacidade ou inhabilitación para o desempeño de cargo público por sentenza xudicial firme.
- e) Por acordo de dous terzos dos membros da Comisión de Goberno por incumprimento das obrigas propias do cargo.

4. A condición de membro da Comisión Asesora é incompatible co feito de ter cargos directivos nas institucións que propoñen os candidatos.

Artigo 15. Funcións

Son funcións da Comisión Asesora:

- a) Aprobar o seu Regulamento de Funcionamento.
- b) Informar do Regulamento de Honras, Protocolo, Cerimonial e Utilización do Panteón de Galicia.
- c) Informar da programación de actividades para realizar no Panteón de Galicia.
- d) Informar da programación das obras, servizos e traballos necesarios para a reparación, conservación, coidado e limpeza do Panteón de Galicia.
- e) Informar das normas sobre acceso e comportamento do público nas instalacións do Panteón.
- f) Informar das propostas de concesión de honras no Panteón de Galicia. Os informes favorables deben ser aprobados por dous terzos dos seus membros.
- g) Elaborar e emitir os informes e estudos que lle encargue a Presidencia do Consello do Panteón de Galicia.
- h) Elevar recomendacións á Comisión de Goberno.
- i) Informar da memoria Anual do Consello do Panteón de Galicia.

Artigo 16. Funcionamento

O funcionamento da Comisión Asesora rexerá polo disposto no seu Regulamento de Funcionamento, que respectará as seguintes regras:

a) A Comisión reuniráse polo menos unha vez ao semestre e sempre que a convoque a Presidencia.

b) Cada membro da Comisión, salvo a persoa titular da Secretaría Xeral, ten un voto persoal e indelegable.

c) Para a válida constitución da Comisión será necesaria a asistencia da maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria, e, polo menos, dun terzo dos mesmos na segunda.

d) Os acordos da Comisión adoptaranse por maioría simple dos asistentes, salvo a aprobación do Regulamento, que esixirá maioría absoluta; o informe favorable das propostas de honras, que esixirá maioría de tres quintas partes; e os supostos en que regulamentariamente se esixa maioría cualificada. En todo caso, a Presidencia dirimirá os empates mediante o seu voto de calidade.

SECCIÓN TERCEIRA. A PRESIDENCIA

Artigo 17. Elección

1. O Consello do Panteón de Galicia terá unha Presidencia que será ocupada por unha persoa elixida por e entre os membros da Comisión de Goberno.

2. Na primeira reunión da Comisión de Goberno, cando estea vacante a Presidencia, procederase á elección da persoa que a ocupará, en votación secreta e por maioría absoluta. No caso de que esta non se obtivese, procederase a una segunda votación, na que só serán elixibles os membros máis votados na primeira votación. Nesta segunda votación resultará elixido quen obteña un maior número de votos. A proposta comunicárase á Presidencia do Parlamento, que procederá ao seu nomeamento por un período de catro anos; ao seu termo, a persoa nomeada só poderá ser reelixida para un novo mandato.

3. A Presidencia do Consello poderá propor aos membros da Comisión de Goberno o nomeamento dunha persoa para ocupar a Vicepresidencia. A elección require que a persoa elixida acade a maioría simple de votos. A persoa titular da Vicepresidencia cesará no seu cargo por acordo da Comisión de Goberno, a petición propia ou da Presidencia, e cando cese a persoa titular da Presidencia.

4. No caso de ausencia ou enfermidade da persoa titular da Presidencia, exercerá as súas funcións a persoa titular da Vicepresidencia. Se non a houbese, procederase de acordo co disposto no número seguinte.

5. Mentres estea vacante a Presidencia, exercerá as súas funcións o membro da Comisión máis antigo, e se a antigüidade fose a mesma, o de máis idade.

Artigo 18. Funcións

Son funcións da Presidencia:

- a) Exercer a representación do Consello do Panteón de Galicia.
- b) Formular a orde do día das sesións dos órganos colexiados.
- c) Convocar as sesións dos órganos colexiados, moderar o desenvolvemento dos debates e decidir co seu voto de calidade no caso de empate.
- d) Dar conta á Comisión de Goberno das condicións e do estado de conservación do Panteón e dos seus elementos, e propor o programa de actuacións ao respecto.
- e) Propor o programa de actividades para desenvolver no Panteón.
- f) Propor a estrutura orgánica do Consello, así como as súas modificacións.
- g) Facer gardar a orde e o respecto debidos no Panteón de Galicia, evitando que ningunha persoa falte ao decoro e respecto debidos ao lugar e ás persoas a que nel se rende homenaxe.
- h) Visar as actas, ordenar a publicación dos acordos e dispor o cumprimento dos mesmos.
- i) Inspeccionar o funcionamento dos servizos do Consello e ditar directrices organizativas.
- k) Redactar, co apoio da Secretaría Xeral, a memoria anual de actividades para a súa aprobación pola Comisión de Goberno e, a seguir, presentala perante o Parlamento.
- l) Presentar á Comisión de Goberno para a súa aprobación o borrador de proxecto de orzamentos que se vai elevar ao Parlamento.

- m) Propor a Vicepresidencia.
- n) Intervir no nomeamento dos membros da Comisión Asesora.
- ñ) Designar a Secretaría Xeral.
- o) Aquelas outras que lle atribúan a presente Lei ou a súa normativa de desenvolvemento.

SECCIÓN CUARTA. A SECRETARÍA XERAL

Artigo 19. Designación

1. A persoa titular da Secretaría Xeral será designada pola persoa titular da Presidencia de entre os empregados públicos que, nas institucións e corporacións públicas que propoñen membros para a Comisión de Goberno, ocupen postos para os que son esixibles a licenciatura ou grao en Dereito.

2. A persoa titular da Secretaría Xeral permanecerá na situación de servizo activo ou similar no seu posto de orixe.

3. A persoa titular da Secretaría Xeral contará con voz, pero non con voto, nas reunións dos órganos colexiados.

4. A persoa titular da Secretaría Xeral cesará cando o decida a persoa

titular da Presidencia, a petición propia ou non, ou cando cese esta.

5. A persoa titular da Secretaría Xeral poderá propor á Presidencia a creación dunha Vicesecretaría Xeral, que exercerá as súas funcións no caso de ausencia ou enfermidade, así como todas aquelas funcións que lle sexan delegadas.

Artigo 20. Funcións

Son funcións da Secretaría Xeral:

- a) Exercer a xefatura superior do persoal.
- b) Exercer as funcións económicas e orzamentarias do Consello. En particular, elaborar o proxecto de orzamento anual, para que a persoa titular da Presidencia o someta á consideración da Comisión de Goberno, e dispor os gastos propios do Consello e a contratación de obras, bens, servizos e subministracións e demais prestacións necesarias para o seu funcionamento.
- c) Exercer a dirección administrativa e técnica dos distintos servizos do Consello.
- d) Asistir, con voz pero sen voto, ás sesións dos órganos colexiados.
- e) Estender as actas das sesións, autorizalas coa súa sinatura e co visto e prace da Presidencia, e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten.
- f) Custodiar a documentación do Consello.
- g) Expedir certificacións das actas, acordos, ditames e informes cos

seus votos particulares e outros documentos confiados á súa custodia, co visto e prace da Presidencia.

h) Asistir á Presidencia no exercicio das súas funcións.

CAPÍTULO III. RÉXIME ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

Artigo 21. Procedementos e recursos

1. Os procedementos tramitados polo Consello do Panteón de Galicia rexeranse polo disposto na presente Lei, e supletoriamente polas leis de procedemento administrativo aplicables ás administracións públicas autonómicas galegas.

2. Os actos e disposicións da Comisión de Goberno revestirán a forma de Acordos. Os actos da Presidencia e da Secretaría Xeral terán forma de Resolucións ou Instrucións.

3. Porán fin á vía administrativa as decisións da Presidencia, da Secretaría Xeral e da Comisión de Goberno.

Artigo 22. Financiamento

O Consello do Panteón de Galicia deberá elaborar o seu proxecto de

orzamentos, que se integrará nos xerais da Comunidade Autónoma, nun servizo específico diferenciado dentro da sección específica do Parlamento de Galicia, para que sexa sometido á aprobación polo mesmo.

Artigo 23. Contratación

1. O Consello do Panteón de Galicia, en canto a contratación, rexerese polas normas do sector público autonómico galego, coas peculiaridades orgánicas, funcionais e procedementais que regulamentariamente se determinen.

2. Exclusivamente para os efectos da Lei de contratos do sector público, o Consello do Panteón de Galicia terá a consideración de Organismo Autónomo.

Artigo 24. Control e contabilidade

1. O réxime da súa contabilidade e control adaptarase ao establecido para as administracións públicas autonómicas galegas, coas peculiaridades orgánicas, funcionais e procedementais.

2. O Consello do Panteón de Galicia estará sometido ao Plan xeral de contabilidade pública, sen prexuízo das peculiaridades que deriven das características da súa actividade que se establecerán regulamentariamente.

3. Sen prexuízo das competencias de fiscalización do Consello de Contas, o Consello do Panteón de Galicia estará sometido ao control financeiro permanente realizado pola Intervención do Parlamento de Galicia .

Artigo 25. Patrimonio

O Consello contará co seu propio patrimonio, que se rexerá pola normativa aplicable aos bens das administracións públicas autonómicas galegas, coas peculiaridades orgánicas, funcionais e procedementais que regulamentariamente se determinen.

TÍTULO III. RÉXIME DA XESTIÓN DO PANTEÓN DE GALICIA

CAPÍTULO I: USOS DO PANTEÓN DE GALICIA

Artigo 26. Usos

1. No Panteón de Galicia poderán realizarse actos relacionados co nacemento, coas obras ou co pasamento das persoas honradas no mesmo, coa celebración do Día de Galicia ou, en xeral, directamente relacionados cos fins do Panteón, de acordo coa programación aprobada para o efecto.

2. Cando a iniciativa para a realización dun acto non proveña da Comisión de Goberno, será necesaria a autorización da mesma, que se

concederá nos termos e coas condicións que regulamentariamente se determinen.

3. En ningún caso se poderán levar a cabo no Panteón de Galicia actos ou actividades que impliquen unha falta ao decoro e ao respecto debidos ao lugar e ás persoas homenaxeadas nel.

CAPÍTULO II: HONRAS NO PANTEÓN

Artigo 27. Enumeración das honras

As honras que se poden levar a cabo no Panteón de Galicia son: inhumacións, cenotafios e inscricións no Memorial do Panteón de Galicia.

Artigo 28. Inhumacións

1. As inhumacións consisten no enterramento dunha persoa no Panteón de Galicia nunha sepultura, coas características técnicas que se determinarán regulamentariamente.

2. Os ritos funerarios practícaranse sobre cada sepultura de conformidade co disposto polo defunto ou co que a súa familia determine.

Artigo 29. Cenotafios

1. Os cenotafios son monumentos funerarios nos que non se custodia o cadáver da persoa a quen se dedican.

2. As características dos cenotafios determinaranse regulamentariamente.

Artigo 30. Inscricións no Memorial do Panteón de Galicia

1. O Memorial do Panteón de Galicia é un monumento conmemorativo que ten como función conservar a memoria do nome das persoas nel inscritas.

2. As características das inscricións no mesmo determinaranse regulamentariamente.

CAPÍTULO III: EXPEDIENTE PARA AS HONRAS

Artigo 31. O expediente de honras

Para que se poida conceder calquera das honras é indispensable a tramitación do oportuno expediente que permita xustificar as razóns do outorgamento.

Artigo 32. Incoación

1. A incoación do expediente requirirá acordo previo da Comisión de Goberno, que se adoptará co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

2. A iniciativa para a incoación poderá dimanar dunha proposta suscrita, cando menos, por un terzo da Comisión de Goberno ou proceder dunha solicitude razoada suscrita polo número de cidadáns e cidadás galegos preciso para promover unha iniciativa lexislativa.

3. Os propoñentes deberán presentar unha proposta en que conste a biografía e os méritos do postulado para merecer as honras do Panteón, a honra que se propón para o mesmo, así como as demais cuestións que se determinen regulamentariamente.

4. Para a incoación do expediente deben transcorrer 25 anos dende o pasamento.

Artigo 33. Tramitación

1. Recibida unha proposta, a Secretaría Xeral, tras comprobar que reúne todos os requisitos, de conformidade co que se estableza regulamentariamente, daralle publicidade á mesma para que calquera persoa ou institución poida alegar o que estime pertinente.

2. Transcorrido o prazo de audiencia pública, a Secretaría Xeral, de acordo co que se estableza regulamentariamente, remitirá á Comisión Asesora a proposta e as alegacións efectuadas para que emita un informe motivado sobre a mesma.

Artigo 34. Resolución

1. Se o informe da Comisión Asesora é favorable, a Comisión de Goberno estudará o caso e, se o aproba por maioría de dous terzos, remitirá o expediente ao Parlamento.

2. O Pleno do Parlamento, á vista do expediente, por maioría de dous terzos poderá aprobar a concesión da honra solicitada.

3. Se non se concede a honra, non poderá repetirse o expediente da mesma persoa ata que transcorran cinco anos da finalización do anterior.

Disposición adicional

Primeira

1. Todos os cargos no Consello do Panteón de Galicia son gratuítos.

2. Por acordo da Comisión de Goberno, determinaranse as axudas de custo e indemnizacións que deban percibir os seus membros.

Segunda

1. O Consello da Cultura Galega proporcionará ao Consello do Panteón de Galicia o apoio material e persoal necesario para o desenvolvemento das súas funcións.

2. Con fin de garantir a realidade e efectividade do apoio ao que se fai

referencia no punto anterior, o Consello da Cultura Galega e o Parlamento de Galicia subscribirán os oportunos convenios de colaboración.

Disposicións transitorias

Primeira

No prazo de dous meses despois da entrada en vigor desta Lei, as institucións competentes propondrán e o Parlamento nomeará os membros da Comisión de Goberno.

Segunda

Finalizado o prazo dun mes previsto na disposición anterior, a Presidencia do Parlamento convocará os membros da Comisión de Goberno para a súa constitución, con fixación do lugar, día e hora en que se teña que realizar o acto.

Terceira

No prazo de seis meses dende a constitución da Comisión de Goberno débese proceder ao nomeamento dos membros da Comisión Asesora.

Cuarta

No prazo dun ano dende a constitución da Comisión de Goberno, esta aprobará a proposta de desenvolvemento regulamentario prevista na presente Lei para a súa remisión ao Goberno galego.

Quinta

Cargaranse no Orzamento do Parlamento os gastos necesarios para o funcionamento do Consello, ata a aprobación do seu propio orzamento.

Sexta

Mentres non se lle asigne outra, a sede do Consello do Panteón de Galicia radicará na sede no Consello da Cultura Galega.

Sétima

No prazo dun ano dende a súa constitución, a Comisión de Goberno, partindo do texto do Discurso “Alba de Groria” de Castelao, someterá á consideración do Parlamento de Galicia os expedientes de todas as persoas galegas que dende os albores da nosa historia e ata o século xx estime que sexan merecentes de honras no Panteón de Galicia.

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA
PROPOSTA DE LEI DO PANTEÓN DE
GALICIA**

I. INTRODUCCIÓN

Todos os pobos necesitan de símbolos que os axuden a conservar a súa identidade propia, na medida en que fan visible para as persoas que os integran a súa continuidade histórica.

Neste eido, e con base nas previsións contidas no artigo 6 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 5/1984, do 29 de maio, veu a instituír como símbolos de Galicia, en tanto que asumidos como propios polo pobo galego, a bandeira, o escudo e o himno galegos. Así, e de conformidade co previsto no seu artigo 1, “a bandeira, o escudo e o himno de Galicia simbolizan a súa identidade como nacionalidade histórica”.

Pola súa banda, e no que fai ao obxecto da presente Proposta de lei, hai que destacar que, dentro do elenco de funcións que poden desempeñar os panteóns, pode considerarse que a súa misión esencial é a de servir de depositarios e custodios da memoria colectiva.

Xunto con esa función primordial, estes símbolos cumpren outras dúas misións de grande importancia. Por un lado, son un instrumento de recoñecemento e gratitude colectiva cara ás persoas que son honradas nos mesmos por teren destacado polos seus méritos; e, por outro lado, a memoria destas persoas e dos seus feitos serve de estímulo ás xeracións presentes para tratar de emular e, aínda superar, os logros dos seus devanceiros.

No noso país, estas ideas deron lugar a que a finais do século XIX, con importante apoio institucional e un grande eco popular, se crease o xerme do Panteón de Galicia.

II. ANTECEDENTES DO SÍMBOLO DO PANTEÓN DE GALICIA: O PANTEÓN DE GALEGOS ILUSTRES

No ano 1891, por iniciativa da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, o Concello de Santiago de Compostela, a Asociación Rexionalista Galega e un grupo de estudantes da facultade de Dereito da Universidade, tomouse o acordo, co consentimento de Manuel Murguía e da familia de Rosalía de Castro, de trasladar os restos mortais da ilustre poetisa desde o cemiterio de Adina, en Iria Flavia, ata a igrexa conventual de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela. Así, o 25 de maio do citado ano, con este traslado, e co apoio entusiasta das colectividades galegas en América, comezou a súa andaina histórica o lugar simbólico que, por influencia da prensa galega da época, **foi denominado Panteón de Galegos Ilustres**.

Posteriormente, co ánimo de consolidar este proxecto, no ano 1906 foi soterrado na mesma igrexa o líder rexionalista Alfredo Brañas, finado en 1900. Non obstante, este magno empeño foi quedando sen pulo, a medida que esmorecía o movemento rexionalista, que fora o seu propulsor. En 1932, por iniciativa dun “feixe de galeguistas de Sant-Yago”, comezou a celebrarse o día 24 de xullo “unha Misa pol-as almas de Rosalía e de Brañas, na Eirexa onde as suas cinzas agardan a resurrección final”, concibida como un acto de “xuntanza da relixiosidade e do patriotismo galego”, segundo conta a crónica do acto publicada pola revista *Nós* (núm. 104, p. 126). A celebración desta misa foi interrompida durante os anos da Guerra Civil.

O Padroado Rosalía de Castro, fundado en 1947, asumiu a partir de 1949 a celebración dunha misa en honra de Rosalía na igrexa conventual de San Domingos de Bonaval. Esta misa “votiva” tiña lugar o 25 de xullo, nun acto ao que logo seguiu unha ofrenda floral perante o monumento dedicado á poetisa, na Alameda compostelá ou no propio Panteón. Cómpre subliñar que

esta celebración litúrxica non correspondía nin co día do nacemento de Rosalía nin co día do seu pasamento, senón coa data que as Irmandades da Fala fixaran como Día Nacional de Galicia, o 25 de xullo.

Queda así patente que este acto, ademais da súa dimensión relixiosa, tiña o indubidable carácter de reivindicación da identidade galega, que se vencellaba á figura de Rosalía de Castro. Deste xeito, o devandito recinto converteuse nun punto de converxencia no que un conxunto de persoas se xuntaba para dar, dentro dun acto relixioso, testemuño de fe galeguista, nunha práctica que tiña moito de resistencia e de loita por manter acceso o facho da identidade galega.

Deste modo, o espazo da igrexa de San Domingos de Bonaval foise consolidando como un verdadeiro “Panteón de Galegos Ilustres” cos sucesivos enterramentos de figuras senlleiras da cultura galega, como o escultor Francisco Asorei, finado en 1961 (soterrado no propio ano 1961); o “poeta da raza” Ramón Cabanillas, finado en 1959 (soterrado no 1967); e o cartógrafo e matemático Domingo Fontán, finado en 1866 (soterrado no 1968).

Esta consolidación do Panteón como un símbolo da identidade galega foi posible grazas aos esforzos conxuntos de diversas institucións, tanto públicas coma privadas, que coidaron e patrocinaron aquel recinto e os sartegos das persoas alí soterradas. Cómpre citar, nomeadamente, o Concello de Santiago de Compostela, a Igrexa de Santiago, a Fundación Rosalía de Castro, o Museo do Pobo Galego, a Fundación Alfredo Brañas e a Fundación Castelao.

A instauración do réxime de autonomía —cuxo primeiro goberno tomou posesión naquel lugar— non comportou un rexurdir vizoso deste símbolo, debido quizais ao feito de que este carecía de recoñecemento xurídico oficial. Así, o Panteón non continuou a desenvolverse e non tivo unha presenza constante como punto de referencia no devir da conciencia das novas

xeracións, malia o coidado que diversas institucións e fundacións vencelladas ás figuras alí soterradas lle deron ao Panteón. Dende o ano 1968, tan só se soterrou nel a un ilustre fillo de Galicia, Afonso Daniel Rodríguez Castelao, finado en Bos Aires en 1950 e trasladado desde o cemiterio da Chacarita ao Panteón de Galegos Ilustres no ano 1984.

Por todo isto, e co fin de lograr a superación desta situación, a presente Proposta de lei, configurando o Panteón de Galicia, que agroma do tallo do centenario do Panteón de Galegos Ilustres, como unha Entidade de Dereito Público, pretende que este desempeñe un papel vivo e activo como lugar de encontro, de aprendizaxe e de alento do sentir da comunidade dos galegos de dentro e de fóra do país.

III. NECESIDADE E CONVENIENCIA DO TEXTO LEGAL

Ademais das motivacións expostas no apartado precedente, en Galicia resulta de especial importancia a creación deste símbolo por outras dúas razóns: a primeira delas, para recuperar o orgullo do noso pobo como pobo rico en feitos históricos que non se deben esquecer; e a segunda, para saldar as débedas dos cidadáns e cidadás galegos cos seus devanceiros que han de ser recoñecidos polos seus méritos.

Como apoio da necesidade imperativa de acadar ambos os obxectivos, pódense recordar as verbas de Afonso Castelao na súa alocución “Alba de Groria”, peza oratoria pronunciada en Bos Aires o 25 de xullo de 1948, na que imaxina unha procesión de 64 figuras históricas polos ceos de Galicia: «Será mellor evocar algo irreal, algo puramente imaxinario, que co seu simbolismo nos deixe ver o pasado para proveito do futuro. Podemos imaxinar, por exemplo, unha Santa Compañía de inmortaes galegos, en interminabel procesión. Alí veremos as nobres dinidades e os fortes caracteres que dou Galiza no decorrer da súa Hestoria».

Así configurado, o Panteón de Galicia, tal e como establece o artigo segundo da Proposta de lei, forma parte do patrimonio inmaterial do pobo galego.

E nesta liña, tal e como establecen as disposicións contidas na Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO do 17 de outubro de 2003 —ratificada por España en data 25 de outubro de 2006—, cada Estado Parte deberá asegurar a salvagarda, o desenvolvemento e a valorización do patrimonio cultural inmaterial presente no seu territorio mediante a adopción, entre outras, das seguintes accións:

- A adopción dunha política xeral encamiñada a realizar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade e a integrar a súa salvagarda en programas de planificación.
- A designación ou creación dun ou de varios organismos competentes para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial presente no seu territorio.
- O fomento de estudos científicos, técnicos e artísticos, así como metodoloxías de investigación, para a salvagarda eficaz do patrimonio cultural inmaterial e, en particular, do patrimonio cultural inmaterial que se atope en perigo.
- A adopción das medidas de orde xurídica, técnica, administrativa e financeira adecuadas para:
 - a) Favorecer a creación ou o afortalamiento de institucións de formación na xestión do patrimonio cultural inmaterial, así como a transmisión deste patrimonio nos foros e espazos destinados á súa manifestación e expresión.
 - b) Garantir o acceso ao patrimonio cultural inmaterial, respectando ao mesmo tempo os usos consuetudinarios polos que se rexe o acceso a determinados aspectos do dito patrimonio.
 - c) Crear institucións de documentación sobre o patrimonio cultural inmaterial e facilitar o acceso a elas.

Así mesmo, o artigo 15 da Convención citada establece que, no marco das súas actividades de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, cada Estado Parte tratará de lograr unha participación o máis ampla posible das comunidades, os grupos e, se procede, os individuos que crean, manteñen e transmiten ese patrimonio, e de asocialos activamente á xestión do mesmo.

Á vista do exposto, e tendo en conta as disposicións citadas da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO, a Proposta de lei presentada ten como obxecto recoñecer como elemento singular da súa identidade o Panteón de Galicia e proceder a regular a súa xestión, uso e



conservación, así como a determinación daqueles que poden ser acredores de honra no dito Panteón e o procedemento para iso.

IV. CONSULTAS E PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN

IV.1. Constitución da Comisión Técnica para o estudo e proposta de acción futura sobre o Panteón de Galegos Ilustres

Como consecuencia da carta enviada no seu día ao Consello da Cultura Galega e á Real Academia Galega por parte do Padroado do Museo do Pobo Galego, na que se solicitaba parecer sobre a situación actual e as perspectivas de futuro do Panteón de Galegos Ilustres, sito na igrexa de San Domingos de Bonaval, tivo lugar, o 28 de xuño de 2010, unha reunión entre os máis altos representantes das devanditas institucións (presidente do Consello da Cultura Galega, presidente da Real Academia Galega e presidente da Xunta Rectora do Museo).

No seo da devandita reunión acordouse a constitución dunha Comisión Técnica encargada da elaboración dunha proposta de regulamentación legal sobre o Panteón de Galegos Ilustres, coa finalidade da súa remisión, en primeira instancia, ao Parlamento de Galicia, así como a encomenda, ao Consello da Cultura Galega, da organización da devandita Comisión.

En execución dos citados acordos, o presidente do Consello da Cultura Galega propuxo ao Plenario da institución, na sesión realizada o día 27 de xullo de 2010, a seguinte composición da Comisión Técnica:

Presidente: Ramón Villares.

Por parte do **Consello da Cultura Galega:**

Rosario Álvarez Blanco.

Xosé Antonio García Caridad.

Por parte da **Real Academia Galega:** Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Por parte do **Museo do Pobo Galego:** Justo Beramendi González.

Por parte da Fundación **Rosalía de Castro**: Helena Villar Janeiro.

Por parte da Fundación **Castelao**: Miguel Anxo Seixas Seoane.

Por parte da Fundación **Alfredo Brañas**: Francisco Puy Muñoz.

IV.2. Reunións realizadas e acordos acadados pola Comisión Técnica para o estudo e proposta de acción futura sobre o Panteón de Galegos Ilustres

A primeira reunión tivo lugar o 30 de xullo de 2010 e acadáronse na mesma os seguintes acordos:

Primeiro.- Que por parte de cada un dos membros da Comisión Técnica se realízase unha proposta por escrito relacionada con todos os temas suscitados no debate da xuntanza, propostas que haberían de ser remitidas, con anterioridade ao 15 de setembro do ano 2010, ao presidente da Comisión. En todo caso, na referida reunión, pídeselles aos membros da comisión absoluta confidencialidade por tratarse dun tema de especial sensibilidade.

Segundo.- Demandar a colaboración de expertos xuristas no proceso de redacción dun anteproxecto de estatuto do Panteón, que deberá ter rango de lei.

Terceiro.- Elevar, no seu día, ao Parlamento de Galicia unha proposta de Lei para a súa aprobación, de conformidade coas competencias que o artigo 6 da Lei 8/1983, do 8 de xullo, outorga ao Consello da Cultura Galega.

A segunda reunión tivo lugar o 30 de setembro de 2010. Na citada reunión acadáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- Seguir avanzando na definición do réxime xurídico do futuro Panteón de Galicia coa información obtida pola propia Comisión Técnica e co asesoramento de xuristas externos.

Segundo.- A posibilidade de propor, por parte de cada membro da Comisión, outras institucións ou autoridades coas que se deba ter audiencia pública para informar sobre esta proposta.

Terceiro.- Introducir o concepto de memorial implícito na idea de Panteón, insistindo na idea de que construír un Memorial engade maior valor ao noso patrimonio, deixando como está o que xa hai, para así respectar o lugar elixido polo rexionalismo galego para situar o Panteón.

A terceira reunión tivo lugar o 4 de novembro de 2010. Nela presentouse un borrador de Proposta de lei do Panteón de Galicia elaborado pola Comisión Técnica, en colaboración cos expertos xuristas designados para o efecto. Tras unha análise conxunta do texto e unha vez efectuadas determinadas propostas de modificación do texto, ao non se recibir ningunha proposta formal de convocatoria doutras institucións a unha audiencia na Comisión, acadáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- Presentar o borrador de Proposta de lei ás autoridades competentes implicadas neste proxecto

Segundo.- Presentar posteriormente, de forma oficial, o borrador de Proposta de lei ao Parlamento de Galicia.

Terceiro.- Facultar ao presidente da Comisión para establecer os contactos previos con diversos cargos institucionais (Presidencia da Xunta, Presidencia do Parlamento, Concello de Santiago e Arcebispado de Santiago) para avanzar as liñas xerais do traballo da Comisión.

Unha cuarta reunión tivo lugar o día 20 de decembro, na que o presidente da Comisión deu conta das entrevistas realizadas cos cargos institucionais, perfiláronse os últimos detalles da proposta e tomáronse os seguintes acordos:

Primeiro. Solicitar unha audiencia coa presidenta do Parlamento para lle facer entrega solemne do documento.



Segundo. Manter unha reunión cos voceiros dos grupos parlamentarios para exporlles as liñas básicas da proposta e solicitar o seu apoio á mesma.

V. ESTRUCTURA DA PROPOSTA DE LEI

A Proposta de lei do Panteón de Galicia consta dunha exposición de motivos, tres títulos, unha disposición adicional, oito disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

No seu título primeiro, a Proposta de lei aborda a regulamentación das disposicións de carácter xeral relativas ao Panteón de Galicia, en particular, a súa definición, natureza xurídica e localización. Así, o Panteón de Galicia, en canto símbolo do pobo galego, forma parte do patrimonio inmaterial do mesmo, consonte á Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO do 17 de outubro de 2003. En canto espazo físico destinado de xeito exclusivo a que a sociedade galega poida honrar as persoas destacadas da mesma, terá a consideración de ben de dominio público.

No seu título segundo, o máis extenso da Proposta de lei, abórdase a regulamentación do Consello do Panteón de Galicia como organismo de Dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, pública e privada, para o cumprimento dos seus fins e adscrito ao Parlamento de Galicia, a través da súa presidencia.

Así, o capítulo I do referido título II —disposicións xerais— contén as previsións normativas relativas á súa denominación e natureza, réxime xurídico, fins e sede.

Os preceptos contidos no capítulo II do título II disciplinan a estrutura orgánica do Consello do Panteón de Galicia (Comisión de Goberno, Comisión Asesora, Presidencia e Secretaría Xeral), abordándose a regulamentación do réxime económico-administrativo do referido organismo no capítulo III do título II. En materia de contratación, o referido organismo rexerese polas normas do sector público autonómico galego.

O título III da Proposta de lei aborda a regulamentación dos aspectos relacionados coa xestión do Panteón de Galicia: os seus usos (capítulo I) e as honras que se poden levar a cabo no Panteón (capítulo II). En relación con este último aspecto, a Proposta de lei regula igualmente o procedemento para o outorgamento das honras (capítulo III).

A disposición adicional primeira da Proposta de Lei determina a gratuidade dos cargos do Consello do Panteón de Galicia, sen prexuízo do dereito á percepción de axudas de custo e indemnizacións por razón do seu cargo.

A disposición adicional segunda encomenda ao Consello da Cultura Galega o apoio material para o funcionamento das súas funcións e a previsión da realización de convenios a tal efecto co Parlamento de Galicia.

Nas disposicións transitorias contéplanse, entre outras consideracións, os prazos para a designación dos membros da Comisión de Goberno do Consello do Panteón de Galicia, para o nomeamento dos membros da Comisión Asesora e para a aprobación do desenvolvemento regulamentario da referida Proposta de lei, así como a sede provisional do Consello do Panteón, fixada na sede do Consello da Cultura Galega (Disposición Transitoria Sétima).

VI.- IMPACTO ORZAMENTARIO DA PROPOSTA DE LEI

Con carácter inmediato, dada a gratuidade dos cargos do Consello do Panteón de Galicia, e, por unha banda, o apoio material e persoal do Consello da Cultura Galega, e por outra banda, o apoio orzamentario do Parlamento, a presente Proposta de Lei carece de impacto orzamentario directo, non implicando un incremento de custes vinculados ao funcionamento da administración autonómica.